



A XUNTA SIMPLIFICA A DOCUMENTACIÓN E TRÁMITES PARA EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS

O xoves 13 de novembro o Diario Oficial de Galicia publicou o Decreto 255/2008, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

O obxecto deste decreto é impulsar as novas tecnoloxías da información na tramitación administrativa e simplificar a documentación que deberán presentar os interesados nos procedementos administrativos tramitados e resoltos pola Xunta de Galicia.

Neste sentido, **non será esixible a fotocopia do DNI**. O órgano competente verificará os datos de identidade por medios telemáticos, previa autorización do interesado na solicitude de inicio do procedemento. No caso de que non prestase o consentimento, poderá esixírselle que entregue a fotocopia.

Tampouco será esixible o certificado de empadramento, como documento probatorio do domicilio e da residencia. O órgano competente verificará os datos, do mesmo xeito descrito no apartado anterior. No caso de producirse un cambio de domicilio nos últimos dous meses o interesado deberá acompañar o certificado directamente ou sinalar o concello para onde efectuou o cambio.

Así mesmo non lles será esixible aos interesados **ningún documento que sexa xerado polos organismos da Administración Autonómica**. Exclúense aqueles documentos cunha antigüidade superior a cinco anos e os certificados médicos emitidos polos facultativos do SERGAS.

Crearase un portal electrónico a través do cal se poderán presentar por vía telemática os escritos ou comunicacións, dirixidos á Xunta de Galicia, sempre que previamente sexan validados pola sinatura electrónica de que dispoñan.

Sumario:

	Portada	01
	Novidades fiscais	02
	Financiamento empresarial.....	03
	Axudas e subvencións.....	04
	Actualidade comercial	05
	Calendario de feiras	06
	As normas que veñen de Europa .	07
	Zona CEO	08



SOCIEDADES ANÓNIMAS E LIMITADAS ESTÁN OBRIGADAS A PRESENTAR AS SÚAS AUTOLIQUIDACIÓNS POR MEDIO DE INTERNET

A Orde ministerial EHA/3435/2007, do 23 de novembro de 2007, establece, dende o 1 de outubro de 2008, a obrigatoriedade de presentar telematicamente os modelos tributarios para todos aqueles contribuíntes que teñan forma xurídica de sociedade anónima (SA) ou sociedade de responsabilidade limitada (SL).

Son os seguintes:

- Modelo 110: Retencións e ingresos a conta. Rendementos do traballo e actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda.
- Modelo 115: Retencións e ingresos a conta sobre determinados rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos.
- Modelo 117: Rendas ou ganancias patrimoniais obtidas por transmisións ou reembolsos de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio das institucións de inversión colectiva.
- Modelo 123: Retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas.
- Modelo 124: Retencións e ingresos a conta sobre rendementos do capital mobiliario e rendas derivadas da transmisión, amortización, reembolso, troco ou conversión de calquera clase de activos representativos da captación e utilización de capitais alleos.
- Modelo 126: Retencións e ingresos a conta sobre rendementos do capital mobiliario e rendas obtidas pola contraprestación derivada de contas en toda clase de institucións financeiras, incluíndo as que se basean en operacións sobre activos financeiros.
- Modelo 128: Retencións e ingresos a conta. Rendas ou rendementos do capital mobiliario procedentes de operacións de capitalización e de contratos de seguro de vida ou invalidez.
- Modelo 202: Pagamento fraccionado do imposto de sociedades.
- Modelo 300: Autoliquidación trimestral do IVE.



Requisitos

O declarante deberá dispoñer de NIF e identificación no censo de empresarios, profesionais e retedores, previamente á presentación do modelo de autoliquidación.

Ademais, deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre.

Se a presentación telemática vai ser realizada por unha entidade autorizada, caso de asesorías ou xestorías, esta deberá ter instalado no navegador o seu certificado de usuario.

As S.L. e S.A. consideradas grande empresa non están obrigadas á presentación telemática do modelo 117.

LIÑAS IGAPE DE FINANCIAMENTO A PEMES 2008-2009

OBXECTO

Estas bases regulan o contido e procedemento de tramitación de **tres liñas de axuda dirixidas a facilitar o acceso ao financiamento** por parte das **pemes** co obxecto de adecuar e reforzar a súa estrutura financeira:

- Liña 1. -Programa de apoio ao circulante.
- Liña 2. -Programa de refinanciamento de pasivos.
- Liña 3. -Programa de ampliación de capital social.

BENEFICIARIOS POTENCIAIS

- Pequenas e medianas empresas segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento 800/2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles con mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).
- Persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen en situación que motiva concesión da subvención.

ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

As recollidas no anexo I da orde.

CARACTERÍSTICAS DAS OPERACIÓNS DE EMPRÉSTITO/CRÉDITO

1. -Programa de apoio ao circulante:

Modalidades: Poderanse formalizar empréstitos ou pólizas de crédito.

Importe: O importe máximo de empréstito/crédito subsidiable segundo esta liña será de 600 000 €. Excepcionalmente, naqueles casos en que o IGAPE o xulgue de especial interese socioeconómico poderanse ter en conta importes superiores. O importe mínimo atendible será de 3 000 €.

Prazo: O prazo máximo en calquera das modalidades será de tres anos. Non obstante, na modalidade de póliza de crédito a subsidiación de intereses límitase ao primeiro ano de vixencia.

2. -Programa de refinanciamento de pasivos:

Modalidade: empréstitos.

Importe: O importe máximo de empréstito subsidiable segundo esta liña será de 1 000 000 €. Excepcionalmente, naqueles casos en que o IGAPE o xulgue de especial interese socioeconómico poderanse ter en conta importes superiores. O importe mínimo atendible será de 25 000 €.

Non obstante, o empréstito con dereito a subsidiación determinarao o Igape a partir da análise das necesidades financeiras que deriven do diagnóstico, dos estados financeiros da sociedade e do plan de cancelación de pasivos e limitaranse en todo caso, ao importe do capital vivo na data de solicitude, no caso dos empréstitos/leasing, e ao importe nominal, no caso das pólizas de crédito.

Prazo: Non se establece prazo máximo. Non obstante, a subsidiación calcularase para un empréstito teórico a 7 anos.

3. -Programa de ampliación de capital:

Modalidade: empréstitos.

Importe: O importe máximo de empréstito subsidiable segundo esta liña será de 600 000 € por empresa que amplía o seu capital. Excepcionalmente, naqueles casos en que o IGAPE o xulgue de especial interese socioeconómico poderanse ter en conta importes superiores. O importe mínimo atendible por cada un dos socios solicitantes será de 3 000 €. En todo caso, o volume do empréstito con dereito a subsidiación determinarao o IGAPE a partir da análise das necesidades financeiras que derivan do diagnóstico e dos estados financeiros da sociedade limitaranse ao necesario para o restablecemento do equilibrio financeiro da sociedade emisora, fixándose ao límite máximo de ampliación subvencionable cando se alcance a relación 55/45 entre fondos propios e pasivo alleo.

Prazo: Non se establece prazo máximo. Non obstante, a subsidiación calcularase para un empréstito teórico a 7 anos.

No caso de concorrencia de varias liñas, o límite máximo de operacións subsidiables por empresa será de 1 500 000 €.

AXUDAS

- **Subsidiación ao tipo de xuro*** dun máximo de 1,50 puntos porcentuais no caso de operacións avaladas por unha SGR e 2,00 puntos no resto dos casos.
- **Subvención da comisión do aval** financeiro prestado pola SGR.
- **Subvención do 50% da comisión do estudio** da SGR e apertura da entidade financeira.

***Tipo de xuro de referencia:** Euríbor a 6 meses.

***Tipo de xuro adicional:** o pactado entre as partes con límite máximo de 2 puntos.

PRAZO SOLICITUDE

Ata o 31 de decembro de 2009 ou fin de crédito.

REFERENCIA NORMATIVA

Orde do 5 de novembro de 2008 (DOG nº 215, mércores 5 de novembro de 2008).

Axudas e Subvencións



PLAN PEME GALEGA FOMENTO DA COMPETITIVIDADE EMPRESARIAL

Co obxectivo de **fomentar a competitividade das empresas**, a Consellería de Innovación e Industria, a través da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, puxo en marcha o Plan peme galega.

Definición:

Un programa que ofrece iniciativas de axuda ás empresas co fin de que poidan coñecer, assimilar e implantar os mellores instrumentos e modelos de xestión empresarial, incrementando así a súa capacidade de valor.

Destinatarios:

Empresas con sede social, ou algún centro de traballo, en Galicia que desexen mellorar a súa competitividade.

Procedemento:

- Diagnóstico personalizado da empresa solicitante
- Establecemento das liñas de actuación necesarias para obter a súa mellora competitiva no mercado
- Elección das actuacións formativas de apoio á mellora da súa xestión

Programas:

Formación e consultora levados a cabo por expertos que proporcionarán solucións adaptadas ás necesidades, ou melloras na xestión, da empresa solicitante:

- Programa xestión PEME
- Programa directivos
- Programa para o desenvolvemento da empresa galega (DEGA)

As empresas deben realizar a súa adhesión ao Plan peme galega a través da páxina web www.planpemegalega.org

AXUDAS PARA ZONAS AFECTADAS POR DESLOCALIZACIÓN NO SECTOR TÉXTIL

O BOE do 3 de novembro publicou a Resolución que convoca axudas para actuacións de reindustrialización en zonas afectadas por procesos de deslocalización dos sectores téxtil e da confección.

Son beneficiarios destas axudas, na modalidade A (área de infraestrutura), as institucións sen ánimo de lucro e as asociacións de empresas que teñan por finalidade proporcionar servizos de uso común ou compartido. Na modalidade B (área de industria), empresas e asociacións de empresas que desenvolvan unha actividade produtiva de carácter industrial.

Os investimentos e gastos executaranse durante 2009, e os pagamentos realizaranse ata o 31 de marzo de 2010. **O prazo de presentación remata o 10 de decembro de 2008.**

GASTOS SUBVENCIONABLES

Área de infraestrutura: investimentos en activos fixos, e gastos de persoal, materiais e colaboracións externas.

Área de industria: investimentos en activos materiais relativos á creación dun novo establecemento, e gastos de ampliación de establecementos, diversificación da produción ou transformación do proceso produtivo.

Así mesmo, terreos, edificios, bens de equipo novos, adquisición de patentes e licenzas, así como activos inmateriais.

AXUDAS

Área de infraestrutura

Subvencións de ata un 50% e empréstitos reembolsables de ata un 75 % (tipo de xuro 0 % anual e unha duración máxima de 15 anos (10 de amortización máis 5 de carencia).

Área de industria

Empréstitos reembolsables ata un montante máximo do 50 %.



Actualidade Comercial



CALENDARIO LABORAL 2009

Festas nacionais e autonómicas

01 de xaneiro ...Aninovo	25 de xulloSantiago Apóstolo. Día Nacional de Galicia
06 de xaneiro ...Día de Reis	15 de agostoAsunción
19 de marzoSan Xosé	12 de outubroDía da Hispanidade
09 de abrilXoves Santo	07 de decembroDía da Constitución (trasladado ó luns)
10 de abrilVenres Santo	08 de decembroInmaculada
01 de maioFesta do Traballo	25 de decembroNadal

Festas locais *

Allariz24 de febreiro e 12 de xuño	O Barco22 de maio e 14 de setembro
A Gudiña25 de febreiro e 24 de agosto	O Carballiño24 de febreiro e 17 de setembro
A Merca24 de febreiro e 8 de xuño	Póboa de Trives24 de agosto e 14 de setembro
Castro Caldelas20 de xaneiro e 8 de setembro	Ribadavia24 de febreiro e 8 de setembro
Celanova24 de febreiro e 15 de setembro	Verín25 de febreiro e 8 de setembro
Maceda24 de febreiro e 11 de agosto	Viana do Bolo24 de febreiro e 17 de agosto
Nogueira de Ramuín24 de febreiro e 11 de novembro	Xinzo de Limia24 de febreiro e 20 de xullo
Ourense24 de febreiro e 11 de novembro	

*As festividades correspondentes ao resto de municipios, pódelas consultar no BOP do 18 de outubro ou na nosa páxina web.

DOMINGOS E FESTIVOS NOS QUE SE AUTORIZA A APERTURA DE ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DURANTE 2009 (DOG nº 199, martes 14 de outubro de 2008)

04 de xaneiro	09 de abril	06 de decembro	20 de decembro
11 de xaneiro	05 de xullo	13 de decembro	27 de decembro

A CÁMARA DE COMERCIO OFRECE CERTIFICADOS DIXITAIS GRATUÍTOS

A Cámara de Comercio de Ourense quere impulsar a incorporación das pequenas e medianas empresas da nosa provincia á sociedade da información.

Con este fin e de modo gratuíto ata o 31 de decembro de 2008, a Cámara ofrece a todos os empresarios a posibilidade de contar con certificación dixital.

Que é un certificado dixital?

Un certificado dixital é un identificador único que, a xeito de documento de identidade electrónico, ofrece seguridade e fiabilidade en todos os trámites que se realizan a través da rede.

Tipos certificados gratuítos da Cámara de Comercio de Ourense

1. Certificado de pertenza a empresa

Garante a identidade da persoa física titular do certificado, así como a súa vinculación a unha determinada entidade en virtude do cargo que ocupa nesta. Este certificado non outorgará por si mesmo maiores facultades ao seu titular que as que posúe polo desempeño da súa actividade habitual.

2. Certificado de representante de empresa:

É emitido a favor dunha persoa física representante dun determinada entidade. O titular do certificado identifícase non unicamente como persoa física pertencente a unha empresa senón que engade a súa cualificación como representante legal ou apoderado xeral desta.

3. Certificado de personalidade xurídica:

Trátase dun certificado dixital emitido a favor dunha entidade xurídica que poderá ser utilizado cando se admita nas relacións que manteña a persoa xurídica coas administracións públicas ou na contratación de bens ou servizos que sexan propios ou concernentes ao seu xiro ou tráfico ordinario.

Descarga gratuíta en: www.camerfirma.com

Calendario de Feiras



IBERJOYA: Salón internacional da xoiería, pratería, relojería e industrias afíns. Do 12 ao 16 de xaneiro. Madrid www.ifema.es



FIMI: Feira internacional da moda infantil-xuvenil. Do 16 ao 18 de xaneiro. Valencia. www.feriadevalencia.com



BREAD & BUTTER BARCELONA: Salón comercial de marcas selectas. Do 21 ao 23 de xaneiro. Barcelona. www.firabcn.es



FITUR: Feira Internacional de Turismo. Do 28 de xaneiro ao 1 de febreiro. Madrid. www.ifema.es



XANTAR: Salón galego de gastronomía e turismo. Do 4 ao 8 de febreiro. www.expourense.org



COSMOBELLEZA & WELLNESS: Salón internacional da beleza, perrucaría e estética. Do 7 ao 9 de febreiro. Barcelona. www.firabcn.es



CEVISAMA: Salón internacional de cerámica, recubrimentos para a construción, equipamento de baño e cociña, conxuntos de billas, etc. Do 10 ao 13 de febreiro. Valencia. www.feriadevalencia.com



ENOMAQ: Salón internacional de maquinaria e equipos para bodegas e de embotellado. Do 10 ao 13 de febreiro. Zaragoza. www.feriazaragoza.com



MARMOL: Salón internacional da pedra natural, maquinaria e afíns. Do 10 ao 13 de febreiro. Valencia. www.firabcn.es



TECNOVID: Salón internacional de técnicas e equipos para viticultura. Do 10 ao 13 de febreiro. Zaragoza. www.feriazaragoza.com



SIMM: Salón Internacional de moda de Madrid. Do 12 ao 14 de febreiro. Madrid. www.ifema.es



CLIMATIZACIÓN: Salón Internacional de aire acondicionado, calefacción, ventilación e refrixeración. Do 24 ao 27 de febreiro. Madrid. www.ifema.es



As normas que veñen de Europa



COMENZA O PROCESO DE TRANSPOSICIÓN DA DIRECTIVA "BOLKESTEIN"

O goberno vén de presentar un borrador de anteproxecto de lei sobre o libre acceso e exercicio das actividades de servizos, consecuencia da denominada Directiva Bolkestein relativa aos servizos no mercado interior, aprobada polo Parlamento Europeo en decembro de 2006.

Esta directiva, que ten que estar incorporada á nosa lexislación nacional antes do 28 de decembro de 2009, ten como obxecto **facilitar o exercicio da liberdade de establecemento dos prestadores de servizos e a libre circulación de establecementos.**

O borrador do anteproxecto de lei parte dun principio xeral de liberdade de establecemento para exercer unha actividade de servizos, se ben establece un réxime de autorización "cando estea xustificada por unha razón imperiosa de interese xeral", como por exemplo a protección do medio, do ámbito urbano, incluída a planificación urbana e rural.

Aínda que a autorización permitirá exercer a actividade en todo o territorio nacional, as mesmas razóns de interese xeral poderán xustificar a existencia de autorización individual para cada establecemento.

Por outro lado, as Administracións Públicas revisarán os procedementos e trámites aplicables ao establecemento e a prestación de servizos, co obxecto de impulsar a súa simplificación. Todos os procedementos e trámites se poderán realizar electronicamente e a distancia.

O borrador prevé así mesmo a creación dun portelo único, no que se poderán realizar todos os procedementos e trámites necesarios para o acceso e exercicio dunha actividade de servizos.

A EUROCÁMARA APROBA A EQUIPARACIÓN DE DEREITOS DOS TRABALLADORES TEMPORAIS

O pasado día 22 de outubro, o Parlamento Europeo deu o seu visto e prace a unha directiva que afecta aos traballadores de empresas de traballo temporal, na que se establece a equiparación, dende o primeiro día, de salario, dereitos e condicións de seguridade entre os traballadores contratados por estas axencias e os contratados directamente pola empresa. A transposición desta directiva ao noso ordenamento xurídico terá que realizarse antes de finalizar o 2011.

As novas normas establecen que as condicións de traballo dos traballadores cedidos por ETT serán, polo menos, as que lles corresponderían se fosen contratados directamente pola devandita empresa (artigo 5). Isto aplicase a todos os ámbitos, entre eles o salario, as condicións de seguridade e dereitos como a formación profesional, o transporte ou as garderías.

As empresas de traballo temporal non poderán esixir aos traballadores o pagamento de honorarios a cambio de xestionar a súa contratación ou por obter un contrato de traballo coa empresa usuaria.

Esta normativa non impedirá aos países introducir disposicións lexislativas ou administrativas máis favorables aos traballadores ou de favorecer convenios colectivos ou acordos celebrados entre os interlocutores sociais máis favorables aos traballadores.



Os Estados membros establecerán as medidas oportunas no caso de que a ETT ou a empresa usuaria non cumpran a Directiva

Zona CEO



CEOInnova: FOMENTO DA INNOVACIÓN

A Confederación Empresarial de Ourense (CEO) leva a cabo un novo proxecto de **fomento da cultura innovadora** na peme chamado "**CEOInnova**", e financiado pola Consellería de Innovación e Industria.

Este proxecto pretende recoñecer necesidades e detectar oportunidades das empresas, mellorando o seu nivel de innovación, comparando a súa situación innovadora coa de outras empresas da súa rexión, provincia e mesmo a nivel nacional.

O proxecto lévase a cabo en colaboración coa consultora Barrabés Internet que dispón dunha ampla experiencia en consultoría relacionada coa innovación, e desenvolverase en 12 pemes da provincia de diferentes sectores.




CEO TOP Visita...



LAMBDASTREAM

A plataforma Antares produto tecnoloxicamente líder a nivel mundial no sector das TIC

16 de decembro



Compañía galega fundada no ano 2003 centrada na investigación, desenvolvemento, innovación e comercialización a nivel mundial de produtos, solucións e tecnoloxías software propias para proxectos de TV dixital, TV en dispositivos móbiles, TV interactiva e para grandes sistemas de distribución de vídeo baixo demanda (VoD). Foi unha das empresas de base tecnolóxica elixidas a nivel estatal polo Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial dentro da iniciativa NEOTEC 2006. Galardoada co Premio Gerardo García Campos 2006, á mellor iniciativa empresarial no sector TIC



Publicidade

Crecemos. Mejoramos. Estrenamos imagen. ¿Sabes por qué?

Porque queremos darte...

...la mejor atención, el mejor servicio, la mejor tecnología,
la mejor formación.

Siente el cambio.
www.metodoconsultores.com

